

# Creación

## Poesía

**Anxo ANGUEIRA**

E fano eles.  
E fano muxo a balar en con de Noro.  
E fano eles.  
E fano singrando e por trapo e meco.  
E fano eles.  
E fano elas.  
E fano os Picafollas de Cesures con Staffan Mörling.  
E fano as dornas de relinga, polbeiras e bucetas.  
E fano Nito e Emilio Neira e Josef  
e as mans. Elas.  
E fano eles.  
E ninguén os acode.  
E fano a Dolores e o Xurelo e mais Taguche de Salvanxe.  
Sós.

Fano eles,  
os que non teñen mar nin novela,  
os que desafían os conceptos de pobo e soño institucionais,  
os que desafían o suicidio Estado Español,  
os pútridos salóns da Monarquía,  
os que desafían o feixismo.  
Fano eles.  
E fano eles  
nas areas de Espasante e Corrubedo  
noite roxa en pé  
nós  
República Galega.

# O mantel da miña casa

Daniel M.<sup>a</sup> SÁEZ RIVERA

Aquellos ojos míos de mil novecientos diez  
no vieron enterrar a los muertos,  
ni la feria de ceniza del que llora por la madrugada,  
ni el corazón que tiembla arrinconado como un caballito de mar

*Federico García Lorca*

O mantel da miña casa coñece  
as longas noites do inverno  
nas montañas para min xa míticas  
dun pasado familiar y afastado,  
anterior a min,  
o rumor das castañas e das ascuas  
no lume,  
a humidade que entra polo patín  
cos homes que baixan do cabalo  
ou a máis modesta mula-,  
abatidos  
por la chuvia e a neve ou pola fame.

O mantel da miña casa recoñece  
a man dura do meu avó,  
que o levou empuñado  
coa esperanza daquel pobo sinxelo,  
aínda non asediado polas viñas,  
máis variado daquela  
o agrícola exército,  
antes da ambición...

O mantel da miña casa lembra  
coma antes, como daquela e coma agora  
—hoxe tan só os domingos,  
cando hai visita —  
o fragor dos platos, dos cubiertos e as comidas,  
a arrastrada conversa dos naipes,  
o orballo monótono das charlas,  
das confesiós e dos chismes,  
das palabras que caen nel  
e que o amarelecen co tempo,  
coma ós dedos os cigarros  
dalgún fumador xa perecido.

O mantel da miña casa garda aínda  
 a pegada e o reconto  
 dalgunha guerra novelesca  
 e decimonónica,  
 ou dalguna outra que tamén  
 fora agre e fraticida,  
 pero máis recente,  
 o fedor da pólvora quizáis  
 impregne aínda un pouco os tecidos.

No mantel da miña casa,  
 coma nun altar,  
 quedou aturtullado  
 o círculo do vaso de viño  
 que bebeu o antergo,  
 o pai da miña nai, o avó,  
 coma os furados dos alfinetes  
 que nel prendía  
 a avoa paciente,  
 mentres a vida bordaba.  
 Se vivisen os cans mortos da casa  
 ladrarían coa alegría ao sentir  
 o olor que dexairon os seus donos  
 co arume diario na tea...

O mantel da miña casa cambiou  
 varias veces de casa, de cidade e da vida,  
 e apenas o usamos  
 tanto coma antes,  
 pobre, que está tan canso,  
 so as veces o sacamos  
 algún domingo,  
 cando hai visita;  
 a maior parte do tempo  
 atesourámolo cego  
 nun baúl, igualmente herdado,  
 cómodo nunha superior  
 eternidade de obxecto.

Soamente lle falta poder falar.  
 Cando nos todos morramos  
 ninguén poderá chegar a entender  
 os seus perdidos segredos.

(Traducción de Miguel Louzao e Argimiro Touceda)

# Love-fiction

## *PRIMEIRA PARTE*

### *Un muro*

Por primeira vez na miña vida  
doame conta  
de que me encontro  
diante dun longo muro pechado.

Achégome, sopro,  
pregúntome que haberá detrás,  
inaaccesible,  
pouso a miña man  
na película de ladrillo:  
está quente,  
o fume zumega  
coma unha chimenea volcánica,  
unha luz fosforece  
no seu interior só reflectido  
no ceo nocturno.

O muro bufa,  
retorcese, péchase, cónguese,  
axita a cola  
coma un animal esquivo  
ou unha balea varada,  
dunha pirueta  
pose de asas.

Qué estraños  
son os muros  
últimamente.

.....

SEGUNDA PARTE

*Comprensión*

Trágasme  
co pseudópodo do teu corpo,  
englóbasme,  
abárcasme,  
estirome no teu interior  
ata case facer estoupar  
a parede transparente da túa pel.

Neutralízasme  
coma peor parásito de min mesmo,  
aniquílasme,  
corróesme,  
purifícasme  
nun branco líquido amniótico.

Dende fóra  
véseme  
bulir no teu interior,  
converterte  
en algo distinto  
de ti mesma,  
converterme  
en algo distinto  
de min mesmo,  
(re)nacer.

(Traducción de Argimiro Touceda)

# Klokken var kaput

Lara Do AR

Klokken var  
kaput  
                  lañouse coma un pasado  
esfarelado  
pola incomunicación.

En revnet klokke que  
toca pola desaparición do  
dereito ó amor  
                  agora só é       un símbolo,

un recordo do que é  
e xa non foi,  
  un ronsel de seica  
que se nega a esmorecer,  
                  unha estatua, un monumento

do necesario panta rei.

Hei gardar o amor  
en globiños  
para que (o) poidas voar.

e cando os queiras estoupar,  
só has ter que lles dar beixos de mexillón:

ñam! (plas!)      ...ñam! (plas!)      ...ñam! (plas!)

...plas! como se fosen auga

salgada

ou

doce

Estira as ancas

Despois de os bicar un a un,

¿quen ha ser quen de se mergullar no cuarto asolagado?

Abre as túas ventas de anfibio, fai como se fose o máis normal

vivir nesta lagoa crendo que é mar

e pensármonos peixes

a respirar

## Poemas

**Maite DONO**

1

noite de fronte a unha avenida  
de acacias  
escribo firmemente pero cun sono atroz

trapecista bébeda  
a piques de traspasarse  
con tódolos obxectos cortantes que  
puidera atopar

--2--

falaria  
por suposto  
de non ser por estes ataques  
de compaixón  
que derruban toda a estrutura

--3--

soñar coas rúas fedentas dos filmes  
sinistros  
con moirantes mortos  
pés colgando das papeleiras  
con lagartos zugadoro mar con palliñas  
de plástico  
lucos azuis  
túneles pentagonais tapiados con plastilina  
néboa traidora  
flashes dun rostro desdentado e virollo

--4--

na noite  
dentro do espanto dos soños dos homes  
latrican tódolos cans  
lémbrenme unha canción  
do último de la fila  
ladran cans vivos e cans mortos  
máis estes últimos  
bobil!!!



5

ven gallopano polo soño  
que me dispoño a soñar  
        achégase á miña saia  
e mete o seu fuciño preto e húmido  
entre as miñas pernas abertas  
        pensa que son xohana de arco

-6-

tres homes orientais espidos  
e encalados  
os sexos rasurados para a beleza  
e o abafamento da danza  
apresados nas mesmas maos que os masturban

son as fermosas fantasmas que xacen vivas nas  
foxas comúns

-7-

vós  
fixéstesme comprender que a tensión  
é a alma do espectáculo  
vin o voso corpo abrasado por miles de músculos  
en tensión

deitada dende hai tempo aínda non podo repousar  
preciso ve-lo quebramento dos vosos músculos  
acougándoos  
        silenciándoos

precisarrei dunha metraladora coa que poder mata-los  
músculos dos homes  
        ou louquearei

-8-

morreu o lume  
mutilo un diccionario e boto as extremidades  
á cinsa  
  e marchou

-9-

a vida  
a montaña rusa que soño  
  
son a trapecionista dos miolos ciscados

y serás tú una hoja o algún tordo pálido (...)

Leopoldo M.º Panero

A Alonso Martínez

querida sombra a batela -lo ferro da poesía  
e a saudade  
dime qué ves nese ceo do serán  
onde eu nada

vexo

paxaros e flores raras das que eu nunca  
oín falar

bach no transe das xacarandas?

tódalas praias do caribe

tódalas orcas a un pulso coas estúpidas intelixencias

nenso mudo

empedrado de beixos e melancolia

encravado na sombra

desaparecendo co sol no mar

como kim sa-kat nas montañas de diamante

nun único ruído de onda cristalizada

ou lágrima de batavia

por qué non me describes unha vez máis

as primaveras de cuernavaca?

# Variación sobre un soneto de Shakespeare

**Manuel FORCADELA**

*When forty winters shall besiege thy brow*

William Shakespeare

O día en que tres ducías de exércitos asedien  
Os muros da túa fronte  
E fondos sulcos caven nas leiras da túa pel  
Se acaso alguén pregunta qué foi desa beleza,  
Por ónde, espaxado, ficou aquel tesouro.  
Qué terras desoladas serviron de acollida  
Á excelsa pulcritude das galas e os aplausos,  
Dicir que están no fondo dos ollos afundidos  
Nalgunha das enrugadas que marcan o teu rostro  
Será vergoña amarga e va confortación  
Pois canto máis afago sería da beleza  
Castada que os teus fillos puidesen respostar:  
«Eu son o que conserva dos lumes que xa arderon  
A eterna chama viva, aquel que ha de pagar  
As contas e saldar todas as débedas».

## ÉPICA DE PICHE

Daquela foi chegado o tempo da marea  
E o mar dispuxo borras noxentas de petróleo,  
Molesto hidrocarburo pairando sobre as ondas  
E xofre que extraeran do centro dos infernos.

Un barco que afundiran, ineptos, baixo as augas,  
Políticos sen rumbo, deitaba un manancial  
De sarrío, de charrizo.  
E as augas devalaban baixo un pouso de feces.

Cumpríronse daquela as vellas profecías,  
Agoiros que xurdiran dun soño de naufraxios  
E foi chegado entón, do fondo da marea,  
O exército de Artur, a frota derrubada  
Do rei Dom Sebastião,  
E o pobo soubo estar atento a ese celeste  
Sinal e concentrado na loita que esixía  
A épica da terra. E así tivo lugar

A supeta revolta, un río de motíns  
E torres que brincaron, incertas na firmeza  
Do chan que as sustentaba.

E así foron chegados sinais de que mudaban  
Os tempos e empezaba, celeste, a rebelión.

Daquela alguén dispuxo un ramo de loureiro:  
« ¿Están ou non están dispostos estes homes,  
Dispostas as mulleres, a abriren cos seus brazos,  
Co ímpeto da terra, un sulco nestas augas? »  
E voces que se oían propuñan clausurar  
O océano e abrir un círculo de néboa.  
Así que abandonamos as casas e fiximos  
Por rochas e arcaís, salvando acaso aves,  
Toniñas afogadas en plásticos de esterco,  
Dispondo aquela pátina terrible de berún  
En cestos e canastros.

« ¡Galicia, meu país!, ¿será por fin verdade,  
Despois de tantos séculos, que os días que hoxe chegan,  
Sumidos no clamor dos funes da desfeita,  
Serán de certo a porta-que-íñeie-ese-camiño  
De volta, de regreso,  
E que este grave estrago un día ha converterse  
En nota dun acorde de xúbilo, de triunfo? »

E voces que brotaban do pobo no naufraxio  
Falaban de vinganza, renuncias, cesamentos.

¡Galicia, meu país! Que, sendo, pois, chegados  
Sinais de que xa mudan os tempos, se inaugure,  
Celeste, a rebelión.